

- Carmen Costa Sánchez, Profesora de Comunicación da Universidade da Coruña
- Iria Veiga Ramos, Médica Psiquiatra do Servizo Galego de Saúde

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición.

A **inscrición** só poderá realizarse mediante **formulario electrónico** no seguinte **prazo: do 3 ao 20 de novembro de 2022**, a través da páxina **web: www.udc.gal/senior**.

Universidade Sénior - A Coruña

secretaria.senior.coruna@udc.es

SEMINARIO

Saúde, (des)información e redes sociais

Novembro e Dezembro de 2022



MAIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN NA
SECRETARÍA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR

WWW.UDC.GAL/SENIOR

XUSTIFICACIÓN

As redes sociais convertéronse nunha importante fonte de información, tamén relacionada coa saúde. Non obstante, esa enorme cantidade de información, opinións, experiencias, etc. que circula polas redes inclúe tamén información falsa, o que pode conducir a erros no noso comportamento en materia de saúde. É por iso, que a Organización Mundial da Saúde acuñou o termo de 'infodemia' para referirse a esta situación de proliferación informativa no contexto da pandemia que se inicia en 2020.

Conscientes disto e das fake news que circulan pola Rede, este seminario pretende, en primeiro lugar, reflexionar e analizar a información en saúde que nos chega a través das redes sociais. En segundo termo, achegar unha serie de recomendacións para saber se a información que recibimos é unha información veraz e confiable.

CONTIDOS

- Introducción/ Contexto
- A que chamamos 'fake news'? As fake news a saúde
- Opinión vs. Información
- As fontes de información sobre saúde
- A verificación da información en saúde
- Guía de Expertxs
- Obradoiro

METODOLOXÍA

As metodoloxías que se seguirán neste curso serán fundamentalmente dúas:

- Sesións participativas, sesións comentadas na aula e con exemplos. A aula como espazo de debate e comentario en base a exemplos seleccionados para a súa análise e reflexión.
- Obradoiro. Traballo en equipo para estudar casos de desinformación en saúde e aplicación de metodoloxía de verificación da información.